

PASPALLÁS

Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural sghn.org



N.º 57, outubro 2021

exemplar gratuito


1981-2021
40 anos



A revista PASPALLÁS é o boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.) e finánciase única e exclusivamente coa aportación das cotas dos seus socios. Excepcionalmente este número está financiado con fondos do Erasmus+ para o proxecto “Climate Change studies and research in the EU” por ser entidade colaboradora do proxecto.



Este proxecto forma parte da Obra Social da Fundación Antón Losada Diéguez que coordina conxuntamente co resto dos socios como parte do seu traballo non-profit para a promoción da Cultura Galega.





PASPALLÁS

Revista divulgativa da SGHN e do medio natural galego.

Fundada en 1981

As opinións expresadas, (agás a Editorial) non son necesariamente as da súa Xunta Directiva Xeral.

SGHN

Apdo. de Correos nº 330
15780 Santiago de Compostela
sghn@sghn.org sghn.org

Editor

Xosé Lois Rey Muñiz

Colaboradores

Xosé Ramón García Martínez
Yago Carreño Morales
Ramón Daporta Padín
Adela Leiro Lois
Adolfo Cordero Rivera
Moisés Asensi Cabirta
José Miguel Puras Rivas
Álvaro María Rodríguez Pomares
Serafín González Prieto

Foto portada

Parque Natural da Baixa Limia e Serra do Xurés)

Deseño imaxe Paspallás

Calros Rodríguez Silvar

Maquetación

Xosé Lois Rey Muñiz

Os artigos publicados nesta revista citaranse:

Autor, ano, título do artigo. Paspallás, *Boletín. Divulg. Soc. Gal. Hist. Nat.* nº e paxinación.

Data Publicación 15/10/2021

I.S.S.N. 1132-0567

D.L. C 1590/91

Imprime

TORCULO COMUNICACION
GRAFICA,S.A.



EDITORIAL

Dicía Concepción Arenal que abrir escolas era pechar cárceres. Nesa lóxica, a educación ambiental deberá proporcionar cidadáns sensatos e conscientes das súas accións e decisións.

Nesta filosofía está este proxecto de Erasmus plus da Unión Europea destinado á mocidade en formación. Non sabemos como será o froito deste traballo no futuro, o que si sabemos é que sen sementar non haberá ningún froito e diso se trata. A mocidade de tres países que se animan ó estudo da fauna e flora, que descubren os nomes de especies que descoñecían, algo da súa vida, que problemas de subsistencia teñen e sobre todo, que se pode facer para eliminar ou conter eses problemas, que é a clave do proxecto.

A educación ambiental non é a panacea que todo o vai solucionar, pero é parte da solución, a ignorancia, a desidia, o desafecto só se poden curar con educación, moitas veces esta non chega ou cae en terreo baldío, pero sen a semente, non hai futuro.

Editorial	3
Os autores	5
<i>Pilularia globulifera</i>	7
<i>Vandenboschia speciosa</i>	8
<i>Culcita macrocarpa</i>	9
<i>Petrocoptis grandiflora</i>	10
<i>Rumex rupestris</i>	11
<i>Armeria humilis</i> spp. <i>humilis</i>	12
<i>Cytisus insularis</i>	13
<i>Iberodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>	14
<i>Linaria arenaria</i>	15
<i>Erodium maritimum</i>	16
<i>Iris boissieri</i>	17
<i>Elona quimperiana</i>	18
<i>Margaritifera margaritifera</i>	19
<i>Macromia splendens</i>	20
<i>Gomphus graslinii</i>	21
<i>Cerambyx cerdo</i>	22
<i>Hyla molleri</i>	23
<i>Pelobates cultripes</i>	24
<i>Salamandra salamandra</i>	25
<i>Emys orbicularis</i>	26
<i>Zamenis scalaris</i>	27
<i>Anguis fragilis</i>	28
<i>Chalcides bedriagai</i>	29
<i>Burhinus oedicephalus</i>	30
<i>Charadrius alexandrinus</i>	31
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	32
<i>Myotis myotis</i>	33

Enlace á web sobre o proxecto





Proxecto Erasmus+ "Climate Change studies and research in the EU" IES Felix Muriel

Listado do alumnado participante (4ºeso A)

Hugo Alcande Sieira	César Baena Abuín	Miguel García Barros	Roi Caamaño Iglesias
Pedro R. Calvo Costas	Raúl Calvo Muñiz	Nicolas Ces Rodríguez	Raúl Fernández Quintáns
Lidia Fungueiriño Rial	IRIA Iglesias Franco	Joel Iglesias Rodríguez	Antía Lamas Suárez
Laura Lorenzo Rodríguez	Noemí Loureiro Ordoñez	Noa Moares González	Aitana Muñiz Torrado
Andrea Ordóñez Alcalde	Iván Otero Serramito	Borja Rubio Méndez	Iria Sampaño Rey
Óscar Senín López	Marta Valladares Iglesias		

Profesorado

Mónica M. Iglesias Maneiro, Manuel López Outeiral, Manuela Martínez Dourado, Luís Ramil Millarengo e Ramón M. Veiga Fernández.

Fotografías (créditos e atribución de uso)

Pilularia globulifera	Serafín J. González Prieto	
Vandenboschia speciosa	Krzysztof Ziarnek, Kenraiz	CC-BY-SA-3.0
	https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Trichomanes_speciosum_kz1.jpg	
Culcita macrocarpa	Ashley Basil	CC BY 2.0
	https://es.wikipedia.org/wiki/Culcita_macrocarpa#/media/Archivo:Culcita_macrocarpa_(15265013273).jpg	
Petrocoptis grandiflora	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Rumex rupestris	Xosé Ramón García Martínez	
Armeria humilis	Xosé Lois Rey Muñiz	
Cytisus insularis	Yago Carreño Morales	
Erodium maritimum	Xosé Ramón García Martínez	
Iberodes littoralis	Xosé Ramón García Martínez	
Linaria arenaria	Xosé Ramón García Martínez	
Iris boissieri	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Elona quimperiana	Ramón Daporta Padín e Adela Leiro Lois	
Margaritifera margaritifera	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Macromia splendens	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Gomphus graslinii	Adolfo Cordero Rivera	
Cerambyx cerdo	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Hyla molleri	Moisés Asensi Cabirta	
Pelobates cultripes	Moisés Asensi Cabirta	
Salamandra	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Emys orbicularis	José Miguel Puras Rivas	
Zamenis scalaris	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Anguis fragilis	Moisés Asensi Cabirta	
Chalcides bedriagai	Xosé Lois Rey-Muñiz	
Burhinus oedicnemus	Álvaro María Rodríguez Pomares	
Charadrius alexandrinus	Álvaro María Rodríguez Pomares	
Phalacrocorax aristotelis	Álvaro María Rodríguez Pomares	
Myotis myotis	Serafín J. González Prieto	

Nome científico *Pilularia globulifera* L.

Nome galego pilularia

Nome inglés pillwort

Introdución

Moi localizado en Galicia e difícil de detectar ó ser pouco aparente e pequeno tamaño

Situación Taxonómica

Na familia Marsileaceae da orde salviniais de pteridófitas que comprende especies de fentos acuáticos.

Distribución

Presente no Oeste de Europa. Na Península Ibérica a área de presenza está formada por un triángulo, cuxo ángulo inferior sitúase ao sur de Lisboa e de aí parte un eixo cara Burgos e outro cara Terra Cha (Lugo). Dentro da área perdéronse en localidades coñecidas nas provincias de Ourense, Zamora e Lugo.

Morfoloxía

Trátase dun pequeno fento acuático que desenvolve un cauloide subterráneo ou rizoma de aspecto filiforme, moi ramificado. Ao longo dese rizoma xorden, en pequenos grupos, frondes erectas de ata 15 cm de lonxitude que caducan.

Historia Natural

Desenvólvese en zonas con encharcada temporal, ben sexan brañas, charcas de pouca profundidade, charcos, marxes de lagoas ou colas de embalses.

Vive somerxido gran parte do ano, aproveitando a primavera para producir esporas no momento en que secan as áreas nas que habita. Orixina auténticos tapices ou céspedes sobre os solos en que vive. Asexualmente multiplícase por fragmentación do rizoma. Especies acompañantes: *Ranunculus ololeucus*, *R. flammula*, *R. peltatus*, *Lythrum portula*, *Eleocharis multicaulis*, *Juncus bulbosus*, *Scirpus fluitans*, *Luronium natans*, *Baldellia ranunculoides*, *B. alpestris*, *Potamogeton polygonifolius* e *Hydrocotyle vulgare*.

Ameazas

Vese afectada polos cambios nos usos do solo, pola drenaxe e explotación de áridos nos seus hábitats preferentes.


Categoría UICN mundial: non avaliada

Categoría UICN Europa2016: LC (preocupación menor)

Categoría UICN España: EN (en perigo de extinción) e en Galicia: EN (en perigo de extinción),

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat mediante protección física: cercado de áreas concretas, restauración do hábitat, seguir co seguimento das poboacións e desenvolvemento de actividades educativas e divulgación.



Bibliografía

<https://www.iucnredlist.org/species/167887/85436052>

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/904_tcm30-99357.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=157952&name=DLFE-13057.pdf

<http://www.anthos.es/>

Nome científico *Vandenboschia speciosa* (Willd.) G. Kunkel

Nome galego fento frisado

Nome inglés killarney fern

Introdución

Fento adaptado a lugares húmidos e sombrios

Situación Taxonómica

Da Orde Himenofilales, fentos vaporosos e fentos de cerdas, de lugares moi húmidos onde son mollados polo rocío de fervezas ou mananciais da familia Hymenophyllaceae de limbo translúcido.

Distribución

Especie subtropical, que se distribúe pola costa atlántica do Oeste de Europa e illas macaronésicas: Azores, Madeira e Canarias, o centro de Europa e, puntualmente, no noroeste de Italia. Na península Ibérica queda restrinxida, entre outras zonas, á cornixa cantábrica. As poboacións atópanse moi dispersas. En Galicia encóntrase na provincia da Coruña.

Morfoloxía

Fento reptante, perenne, presenta un rizoma superficial, delgado, cuberto de abundantes e delicados pelos. Frondes de tamaño mediano de 10 a 30 cm de lonxitude, lámina dividida 2 ou 3 veces. Soros cilíndricos, situados no extremo de segmentos modificados da fronde. As esporas dos esporanxios son de cor verde, con clorofila.

Historia Natural

As poboacións poden estar formadas pola forma esporofítica (reproducción mediante esporas) ou gametofítica (reproducción sexual), ou ambas. A dispersión dáse durante todo o ano con dous tipos de dispersión: hidrocora e anemocora. Como as esporas son clorofílicas, teñen escasa capacidade de resistir condicións ambientais adversas.

Ameazas


A principal ameaza é a destrución dos bosques autóctonos onde se encontran por mor das cortas, substitución por plantacións de eucaliptos, etc. Factores antrópicos coma a xestión forestal, creación ou mantemento de pistas ou toma de agua para actividades agrarias.

Categoría UICN Global e Europea 2016: LC (preocupación menor),

Categoría UICN España: VU (vulnerable) e en Galicia: VU (vulnerable).

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat e recuperación de bosques autóctonos. Mellorar os coñecementos sobre a bioloxía da especie, reforzar as poboacións máis escasas e vulnerables e mellorar a calidade do hábitat nas áreas degradadas.



Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/vandenboschiaspeciosa_tcm30-505926.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158341&name=DLFE-13099.pdf

<https://www.iucnredlist.org/es/species/162169/85429885>



Nome científico *Culcita macrocarpa* (C. Presl)

Nome galego fento do cabeliño

Nome inglés woolly tree fern

Introdución

Presente en bosques de ribeira ben desenvolvidos e conservados.

Situación Taxonómica

Pertence á familia Culcitaceae da Orde Cyatheaales que inclúe os fentos arborescentes ou arbóreos, fentos que medran con tronco elevando as frondes.

Distribución

Distribuído nas Azores, Madeira, Tenerife, o sudoeste de Europa, e no Neotrópico. Especie paleomediterránea, supervivente dos bosques tropicais da Era Terciaria europea. É un endemismo Ibero-Macaronésico que ten as poboacións extremadamente ameazadas, reducidas a uns poucos puntos relictos na Península Ibérica: Cornixa Cantábrica e zona norte de Galiza, serras de Algeciras e do Porto.

Morfoloxía

Caracterízase por ter un rizoma moi longo e engrosado, estendido polo chan e que emite grumos erectos que se recobren por follas, chamadas frondes de ata 3,5 m de lonxitude. Estas frondes encóntranse divididas moitas veces, teñen unha forma triangular e son moi brillantes pola face.

Historia Natural

Require zonas de sombra, temperaturas suaves durante todo o ano e unha elevada humidade atmosférica e no solo.


Encóntrase preto de fervezas que subministran humidade á maneira de salseiros, ou ben en bosques de ribeira maduros (ricos en ameneiros, freixos, abeleiras...). Reprodúcense por esporas transportadas polo vento. Cando acadan certo porte, os tallos bifúrcanse, dando lugar a novos ápices que forman raíces adventicias, potencialmente independentes.

Ameazas

A destrución do bosque para cultivos forestais de especies de crecemento rápido, a construción de minicentrais que alteran e destrúen os seus hábitats e os efectos derivados da presión humana (canalizacións, excursionismo...). O escaso número de individuos das poboacións compromete a viabilidade das mesmas.

Acción correctiva

Control da presión humana no seu hábitat e da destrución do bosque autóctono. Débese promover a conservación do hábitat da especie, fundamentalmente dos bosques que acollen estas poboacións cunha adecuada regulación dos usos que permitan evitar a explotación forestal, as plantacións con especies exóticas, a instalación de minicentrais hidroeléctricas, contaminación das augas e tránsito polas poboacións. Categoría UICN Global2017: VU (vulnerable),



UICN Europa2017: NT (preocupación menor),
UICN España2017: EN (perigo de extinción) e en Galicia: EN (perigo de extinción).

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/culcitamacrocarpa_tcm30-505862.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=157928&name=DLFE-13053.pdf

<https://www.iucnredlist.org/species/162293/85426759>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Fento_do_cabeli%C3%B1o

Nome científico *Petrocoptis grandiflora* Rothm.

Nome galego caraveliño das rochas

Nome inglés rock pink

Introdución

En Galicia só se atopa na extrema de Ourense con León, sobre calñas.

Situación Taxonómica

A familia Caryophyllaceae é unha familia de herbas da Orde Caryophyllales de plantas anxiospermas. Esta orde, moi heteroxénea, inclúe cactus, certas plantas carnívoras, amarantos, acelgas, espinacas, buganvíleas, entre as taxa e especies máis representativas.

Distribución

Especie endémica dos afloramentos calizos e dolomíticos do leste de Ourense e zonas inmediatas da provincia de León, no entorno da serra de Enciña da Lastra. Na zona do Bierzo xa non se conserva.

Morfoloxía

Planta herbácea, perenne, de 15-30 cm de altura, con talos bastante alongados, moi ramificados na maioría das plantas e recubertos de vellos pecíolos. As follas son opostas, dispóñense sobre o talo (sésiles) ou cun corto pecíolo. As flores, cun cáliz de cor purpúrea e unha corola composta por cinco pétalos enteiros de cor púrpura forte, están dispostas en cimas divididas en dous. O froito é unha cápsula que ten unha soa cavidade e as sementes son de cor negra, lisas e brillantes. Vive ocupando as fendas e fisuras das paredes rochosas de forte pendente, e non superan os 800 m de altitude.

Historia Natural

Hermafrodita, con adaptacións á polinización entomófila: flores vistosas con corola zigomorfa e alta produción de néctar^{1,2}. As sementes posúen un mecanismo de latencia que retarda a xerminación ata a primavera seguinte. O hábitat principal son os paredóns calcáreo-dolomíticos, algo sombríos e rezumantes, ás veces extraplomados, onde aproveita fisuras e repisas.

Ameazas


A reducida área bioxeográfica da especie, así como o pequeno tamaño dalgunha das súas poboacións, son variables que ameazan a súa supervivencia. As explotacións de calcaría en canteiras supoñen un factor de ameaza alí onde vive a planta. Por outra banda, os escaladores e apertura de vías de escalada son lesivas para a súa conservación.

Categoría UICN Global: VU (vulnerable)

Categoría UICN para España: VU (vulnerable) e en Galicia: EN (en perigo de extinción).

Acción correctiva

Redución da presión industrial sobre o seu hábitat limitando a proliferación de canteiras, prohibición da escalada nas paredes ocupadas pola especie, seguimentos da súas poboacións e recoller mostras



representativas de xermoplasma.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/petrocoptis_grandiflora_tcm30-99617.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158244&name=DLFE-13083.pdf

<http://www.naturezadixital.com/?p=352>

Nome científico *Rumex rupestris* Le Gall

Nome galego labaza da ribeira

Nome inglés shore dock

Introdución

Planta asociada a zonas costeiras e moi localizada.

Situación Taxonómica

Planta dicotiledónea da familia Polygonaceae da Orde Caryophyllales de plantas anxiospermas moi heteroxéneas coma cactus, certas plantas carnívoras, amarantos, acelgas, espinacas, buganvíleas...

Distribución

Occidente de Gran Bretaña, Francia e Galicia. En Galicia aparece en algúns puntos de Pontevedra e en A Coruña onde as poboacións están fragmentadas. Localizada na Illa de Ons, Nigrán, norte de Ferrol e Costa da Morte. Estas poboacións están en espazos protexidos (LIC Costa Ártabra, LIC Costa da Morte, LIC Complexo Ons-O Grove e PN das Illas Atlánticas).

Morfoloxía

Planta perenne de ata 80 cm con rizoma a partir do cal pode rebrotar. Follas de cor verdosa, inflorescencia con verticilos subcontiguos, só os inferiores presentan brácteas. Valvas do froito de 3-4 mm de longo con tubérculos grosos (2-3 mm de longo).

Historia Natural

Polinizada polos insectos (entomofilia). Plantas danadas poden rebrotar a partir do rizoma. Planta bienal, pode florecer en anos sucesivos en condicións favorables. Os froitos posúen alta flotabilidade e viabilidade tras períodos en auga mariña. A xerminación prodúcese todo o ano. Vive en núcleos de poucos individuos, co conseguinte risco de perda de variabilidade xenética que suple hibridando con outras especies del xénero *Rumex*. Ocupa dous tipos de hábitats, sempre con aporte de auga fresca. O máis común son regatos sobre arenas costeiras. O segundo hábitat é en zonas basais de repisas e cantís, ben sobre paredes rezumantes, areas ou cantos rodados.

Ameazas

A intensificación turística en lugares costeiros produciu o desenvolvemento de infraestruturas (paseos, piscifactorías, accesos...) que xa danaron gravemente certas poboacións debido á alteración de arrosos, deposición artificial de area e queima. A marea negra do Prestige tamén afectou este taxón.


Categoría UICN global: VU (vulnerable),

Categoría UICN Europeo: VU (vulnerable)

Categoría UICN España: EN (en perigo de extinción) e en Galicia: EN (en perigo de extinción).

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat e a contaminación. Inclusión no CNEA. Protección efectiva dos núcleos máis importantes.



Estudo da singularidade xenética das poboacións para deseñar reforzamentos, nos puntos onde está desaparecendo.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/1051_tcm30-99425.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158268&name=DLFE-13087.pdf

<https://www.iucnredlist.org/es/species/162193/5556387>

Nome científico *Armeria humilis* (Link) Schul. ssp. *humilis*

Nome galego herbas de namorar ou empreñadeira.

Nome inglés thrift

Introdución

Trátase dunha subespecie endémica de Galicia localizada no sur da provincia de Ourense.

Situación Taxonómica

Plumbaginales é unha orde de anxiospermas, herbáceas, arbustos ou lianas. Esta Orde está formada por unha familia, Plumbaginaceae. A maioría das especies desta familia son plantas herbáceas perennes, pero algunhas medran como lianas ou arbustos.

Distribución

Endemismo galego das serras do Xurés-Gerês, localizada no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, nos concellos de Lobios e Muíños (Ourense) con unha próxima disxunción na Serra Amarela (Portugal).

O xénero conta con centos de especies, moitas delas nativas do Mediterráneo, agás a *Armeria maritima*, que aparece distribuída ao longo das costas do Hemisferio Norte. Son comúns na beiramar galega.

Morfoloxía

Planta perenne, ramificada que cando é adulta ten aspecto almofadado. Follas simples, ás veces algo aveludadas, de forma lineal lanceolada, as externas planas, as internas máis estreitas e acanaladas. Presenta brácteas externas máis curtas que as internas. As flores aparecen ao final dun talo longo en grupiños que forman glomérulos. De cada mouta crecen varios talos con flores, polo que o aspecto da planta en floración chama a atención. Presenta corola de tons entre branco a rosa forte.

Historia Natural

Son un conxunto de plantas que se caracterizan por medraren en cantís costeiros venteados, zonas de dunas ou en zonas de montaña.

Moitas plántulas morren por mor da seca e insuficiente desenvolvemento do solo. Que pase de xuvenil a adulta depende da competencia, características climatolóxicas e profundidade do solo. As plantas adultas poden desenvolver unha raíz pivotante superior a 15 cm. Florean entre marzo e xullo.


Ameazas

A principal correspóndese coa reintrodución de cabras da subespecie alóctona (*Capra hispánica* subsp. *hispánica*), con gran probabilidade de que visite o nicho ecolóxico da planta afectando as súas poboacións, tamén os incendios forestais e problemas de endogamia.

Categoría UICN Global: Non avaliada, Categoría UICN España: EN (en perigo de extinción) e Catálogo galego: EN (en perigo de extinción).

Acción correctiva

Control dos incendios forestais e a introdución



de cabras alóctonas. Seguimento demográfico para ver os efectos que poida provocar a introdución de cabras monteses alóctonas no medio. En caso necesario, cercado das subpoboacións para evitar ser comidas.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/969_tcm30-99380.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=157964&name=DLFE-13059.pdf

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Armeria>

Nome científico *Cytisus insularis* S.Ortiz & Pulgar

Nome galego xesta de Ons

Nome inglés Ons brush

Introdución

Endemismo da costa atlántica de Galicia, illas de Ons, Cangas (Pontevedra) e Vionta (A Coruña).

Situación Taxonómica

Arbusto da familia das Fabáceas, de árbores, arbustos e herbas perennes ou anuais, recoñecibles polo froito, pertence á Orde Fabales que inclúe especies homoxéneas por presentar nódulos fixadores de nitróxeno e froito en forma de legume.

Distribución

Endemismo das Illas de Ons (Pontevedra) e Vionta (A Coruña) na costa atlántica de Galicia (NW de España). Coñécense tres poboacións, dúas no LIC Complexo Ons-O Grove e no P. Nacional das Illas Atlánticas e unha terceira en Cangas, recentemente moi dañada ou destruída.

Morfoloxía

Arbusto con ramas anguladas e cáliz levemente piloso. Arbusto con ramas 7-8 anguladas, os ángulos en V invertida, sen follas trifolioladas. Cáliz glabro. Legumbre aplanada, vilosa. Difire de *C. scoparius* polas súas ramas 5 (-7) anguladas, follas trifolioladas e legume vilosa só nos bordes; de *C. striatus* polas ramas con ángulos en forma de T, follas trifolioladas e legume globosa.


Historia Natural

Conta con flores hermafroditas polinizadas por insectos. A dispersión realízase por dehiscencia explosiva, favorecida polas formigas ao caer ao chan as sementes (mirmerocoria). O froito é un legume aplanado e viloso. Presenta xerminación retardada, de gran importancia ecolóxica, por permitir que as sementes xerminen cando as condicións ambientais son favorables para esta e para a supervivencia das plántulas. Os hábitats son os acantilados costeiros e secundariamente os solos de cultivos abandonados. Nos acantilados forma comunidades con *Ulex europaeus* subsp. *latebracteatus*. Outras plantas acompañantes son: *Silene uniflora*, *Leucanthemum merinoi*, *Crithmum maritimum*, *Angelica pachycarpa*, *Armeria pubigera*, *Sisymbrium austriacum*, *Pteridium aquilinum*, *Erica cinerea*, *Rubus* sp., etc.

Ameazas

As achegas de sales polos temporais afectan negativamente ás poboacións. A da Illa de Ons, aínda que estable, está ameazada por procesos de urbanización, mentres que na Illa Vionta está en regresión polos temporais e a competencia con outras especies. Unha ameaza potencial pode suceder na Illa de Ons por hibridación con *C. striatus*.

Categoría UICN mundial: EN (perigo de extinción),



Categoría UICN para España: EN (perigo de extinción), e en Galicia: EN (en perigo de extinción).

Acción correctiva

Control da presión humana no seu hábitat. Proponse a inclusión nos listados de protección legal, seguimento demográfico das poboacións e protección física e o reforzo da poboación da Illa Vionta polo estado de regresión.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/en/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/2206_tcm38-99317.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158006&name=DLFE-13066.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xesta_de_Ons



Nome científico *Erodium maritimum* L. L'Hér

nome galego agulleira mariña

nome inglés sea stork's bill

Introdución

Pequena planta de presenza costeira e moi localizada

Situación Taxonómica

As geraniáceas (F. Geraniaceae) son unha familia de herbas ou arbustos con especies con gran número de variantes infraespecíficas, moitas delas con carácter nitrofilico dentro da orde Geraniales. Algunhas spp. do xénero *Pelargonium* son cultivadas polo seu aceite aromático para a industria de perfumería. Outras teñen usos hortícolas e medicinais.

Distribución

Distribúese polas áreas costeiras occidentais de Europa hasta o mediterráneo central. No Noroeste de Europa localízase nunhas poucas localidades no SW de Escocia e Irlanda. Un segundo grupo de poboacións emprázase no litoral NW de Francia e un terceiro grupo no noroeste da Península Ibérica, nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Taxón de distribución restrinxida e poboacións integradas por poucos individuos. En Galicia a poboación sufriu unha importante regresión e presenta unha substancial variación anual no número de individuos por poboación.

Morfoloxía


Tallos deitados, cubertos de indumento. Follas 0,5-2,5cm, ovadas, lobulado-dentadas a pinnatífidas. Flores solitarias, raramente parexadas, sobre pedicelos con pelos glandulares apertados contra a superficie. Pétalos 3mm de lonxitude brancorosados, efímeros, a miúdo ausentes. Froito con mericarpos de 3 mm; pico hasta 10 mm.

Historia Natural

Planta anual ou bienal, flores hermafroditas pequenas e fráxiles, a floración concéntrase nos meses de abril e maio, mentras que a produción de froitos, esténdese ata xullo. En Galicia, habita solos nus próximos ao mar, en fendas de camiños empedrados, muros e paredes de edificacións, compartindo hábitat con *Crithmum maritimum*, *Parietaria judaica*, *Silene uniflora* ou *Plantago marítima*, entre outras. A especie sofre unha importante regresión, perdendo poboacións tanto a nivel mundial coma peninsular.

Ameazas

Nas Illas Cíes encóntrase no entorno dun faro moi visitado, cuxo acceso sofre anualmente labores de roza. En San Andrés de Teixido, está na localidade e entorno, onde sofre unha elevada afluencia de visitantes, así coma labores de roza e aplicación de herbicidas en camiños e muros. Detectouse a desaparición dunha poboación na localidade de A Guarda (Pontevedra). Categoría UICN mundial: Non avaliada, Categoría UICN



España: CR (perigo crítico de extinción) e catalogada en Galicia: EN (en perigo de extinción)

Acción correctiva

Redución da presión humana e establecer figuras de protección como a inclusión no Anexo II da Directiva Hábitat e outros catálogos estatais e autonómicos. As accións encamiñadas a súa conservación pasan por tarefas de educación e divulgación, cercados, control demográfico e preservación en bancos de xermoplasma.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/636_tcm30-99247.pdf
https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158024&name=DLFE-13069.pdf
<https://gd.eppo.int/taxon/EROMA>
<https://es.wikipedia.org/wiki/Geraniaceae>

Nome científico *Iberodes littoralis* subsp. *gallaecica* (M. Laínz) M. Serrano, R. Carbajal & S. Ortiz

Nome galego embigueira da praia

Nome inglés navelwort

Introdución

Planta vinculada ás zonas dunares, con alta regresión nas últimas décadas.

Situación Taxonómica

Da familia botánica boragináceas da orde lamiales de plantas dicotiledóneas que inclúe unha gran variedade de arbustos, árbores e herbas, totalizando unhas 2.000 especies.

Distribución

Na península ibérica tódalas poboacións están nos nos LIC: Costa Ártabra, Costa da Morte, Complexo Húmido de Corrubedo. Pode presentarse moi abundante ou salpicar en baixas densidades o territorio. Trátase dun endemismo da provincia da Coruña.

Morfoloxía

Planta anual, branquecina. Talos raramente erectos. Follas espatuladas e algunhas lanceoladas. Inflorescencia bracteolada e flores con corola de cor branca, xeralmente con matices azuis. A dispersión das sementes é zoócora, grazas á súa capacidade de adhesión ao pelo dos animais.

Historia Natural

Planta anual que culmina o período vexetativo a finais de maio. A flor dura pouco tempo (dos ou tres días) e a reproducése por autogamia. A dispersión das núculas é zoocora, gracias a súa capacidade de adhesión ao pelo. As plántulas xerminan de novembro-décembro. A taxa de xerminación no campo é próxima ao 50% e a mortalidade é baixa (7- 13%). A xerminación depende de temperaturas relativamente baixas: 70-90% con temperatura alternante 10-15 °C e nula a 18/25 °C. Habita en dunas semimórbis grises, pouco alteradas.


Ameazas

A presión do turismo en zonas de praia, comezou unha deterioración das súas poboacións coa construción de zonas de recreo, paseos, aparcadoiros, etc. Ademais, as dunas onde medra a especie están sendo degradadas mediante a extracción de area, pisaduras, quads e tránsito de maquinaria agrícola, o que está provocando que as poboacións diminúan.

Categoría UICN mundial: EN (en perigo de extinción),
Categoría UICN España: EN (en perigo de extinción) e
en Galicia: EN (en perigo de extinción)

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat, condución de turistas de maneira non lesiva para a duna (por exemplo por estruturas de madeira). Impedir o acceso de tráfico rodado ás praias, así como a urbanización ou establecemento de infraestruturas turísticas sobre as poboacións. Pola baixa densidade, o



pequeno núcleo do Barbanza debería estar delimitado. Recoméndase o seguimento das flutuantes poboacións.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/en/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/126_tcm38-99039.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158238&name=DLFE-13082.pdf

<http://www.naturezadixital.com/?p=181>

Nome científico *Linaria arenaria* DC

nome galego paxariños

nome inglés toadflax

Introdución

Na península Ibérica só se atopa en Galicia: illas de Arousa, Ons e Sálvora, así como en Aguiño e no Grove.

Situación Taxonómica

Da orde Lamiales de plantas dicotiledóneas, pertence á familia Plantaginaceae que conta con 2000 especies de herbas e pequenos arbustos.

Distribución

En Europa, na Costa occidental de Francia e NW da Península Ibérica. En Galicia, NW Península Ibérica vive en tres localidades insulares, dúas en Pontevedra (Illa de Arousa e Illa de Ons) e unha en A Coruña (Illa de Sálvora).

Morfoloxía

Planta anual, de pequeno tamaño, tan só 15 cm, con talo piloso glanduloso. Presenta follas elípticas de bordo enteiro. As flores encóntranse formando acios con pedicelos moito máis curtos que as brácteas. Corola de 4-7 mm de lonxitude, cor amarelenta, con esporón curto de 2-3 mm.

Historia Natural

Planta anual que remata o seu período vexetativo a finais de xullo, producindo gran cantidade de sementes. En plantas cultivadas en ausencia de polinizadores prodúcese a reprodución por autogamia, obtendo sementes viables. Compórtase como pioneira o que inflúe na inestabilidade das poboacións. Habita sobre dunas e áreas relativamente asentadas. Non lle prexudica unha alteración lixeira do terreo coma bordes de camiños pouco transitados, pero se a presión aumenta tende a enrarecerse ou desaparecer. Na Illa de Arousa aparece ás veces baixo *Pinus pinaster*. Os LIC Complexo Ons-O Grove e Complexo Húmido de Corrubedo inclúen todas as poboacións desta especie.


Ameazas

A pisadura que coincide coa floración e a artificialización do seu contorno fai especialmente sensible esta especie. En poboacións de difícil acceso presenta poboacións numerosas e densas (illa de Sálvora), pero en zonas turísticas descenden debido á presión que se exerce sobre elas.

Categoría UICN Mundial: Non avaliada, Categoría UICN España: CR (en perigo crítico) e en Galicia EN (en perigo de extinción)

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat, sinalización, polo menos parcial, dos principais núcleos en Ons e Arousa, deseño de camiños que guíen el fluxo de turistas sen alterar o hábitat, inclusión no catálogo de protección, Banco de xermoplasma,



reforzos poboacionais, reintrodución onde as causas que ocasionaron a extinción cesaron (por exemplo, Illas Cíes) e seguimento da evolución e bioloxía das poboacións.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/1178_tcm30-99488.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158214&name=DLFE-13078.pdf

<https://www.floravascular.com/index.php?spp=Linaria%20arenaria>

Nome científico *Iris boissieri* Henriq.

nome galego lirio de monte ou lirio do Xurés

nome inglés yellowbear iris

Introdución

As poboacións desta especie encóntranse actualmente en regresión, especialmente as situadas a baixa altitude.

Situación Taxonómica

É un lirio (xénero da familia Iridaceae) moi escaso e endémico das montañas de Galiza e Norte de Portugal. Trátase dunha familia de plantas perennes, herbáceas e bulbosas monocotiledóneas con máis de 2000 especies, cosmopolitas, e importantes en horticultura. Pertence á orde Asparagales, unha orde moi diversa que inclúe plantas herbáceas de ata 15 cm ata especies que superan 10 m de altura.

Distribución

É propia de Galiza e do Norte de Portugal onde se espalla pola liña con Galiza no suroeste da provincia de Ourense (Serra do Gerês). En Galicia localízase dentro do P. Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, os LIC Ancares-Courel e Carnota-Monte Pindo, e en Baltar (Ourense).

Morfoloxía

Planta que sobrevive ás épocas desfavorables en forma de bulbo subterráneo (xeófito). Presenta as follas inferiores longas e as distais máis curtas e co limbo máis ancho. Talo terminado nunha soa flor, excepcionalmente dúas, de cor violácea. Vive en solos pouco profundos en comunidades de uceira, aínda que tamén pode habitar en fendas de grandes rochas graníticas.

Historia Natural

Na época de maduración das sementes, a parte aérea da planta perde a capacidade fotosintética. Habita en solos pouco profundos, en claros de brezal da asociación *Pterosparto lasianthi-Ericetum aragonensis* subsp. *pseudarrhenatheretosum longifolii*. Nos montes do Pindo (A Coruña) vive en fendas das rochas graníticas. As especies acompañantes na Serra do Xurés son *Ranunculus bupleuroides*, *Avenula sulcata*, *Erica australis*, *Thapsia villosa*, etc.


Ameazas

Os cambios no uso do solo e o coleccionismo constitúen as principais ameazas para esta especie.

Categoría UICN mundial: Non avaliada, Categoría UICN España: CR (perigo crítico) é en Galicia: EN (en perigo de extinción)

Acción correctiva

Algunhas medidas de conservación propostas son a conservación en bancos de xermoplasma, reforzar a educación e divulgación para evitar as colleitas, a reintrodución e reforzamento das poboacións que desapareceron ou teñen escasa viabilidade e atribuír a



poboación do Courel e do Monte Pindo, malia pertencer o primeiro ao LIC Ancares-Courel e o segundo ao LIC Carnota-Monte Pindo unha figura de protección regulada.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/704_tcm30-99272.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158196&name=DLFE-13075.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Lirio_de_monte



Nome científico *Elona quimperiana* (Férussac, 1821)

Nome galego caracol de Quimper

Nome inglés Quimper snail

Introdución

Especie endémica no noroeste peninsular.

Situación Taxonómica

Pertence a Orde Stylommatophora de moluscos gasterópodos terrestres: caracois e lesmas da familia Elonidae característica por englobar dous xéneros.

Distribución


En Europa atópase Bretaña francesa e norte da península Ibérica onde se estende polo Cordal Cantábrico ata Galicia. Na península ibérica está presente desde a costa ás serras occidentais, ata 1600 m de altitude. Habita en zonas de clima oceánico e atlántico.

Morfoloxía

Caracol terrestre de cuncha aplanada e delgada, lisa e brillante. Coloración marrón claro. Mídese o seu crecemento polas franxas máis claras que presenta na súa cuncha. Estas, nos exemplares xuvenís teñen “pelos” curtos caedizos. A cuncha do caracol mide uns 30 mm de diámetro e uns 12 mm de altura, estas medidas convérteno nun dos caracois máis grandes da fauna galega. A súa característica máis destacada son os seus laterais planos debido a que as 5 ou 6 voltas da cuncha están enroladas sen volume como adoita ser noutras especies. No adulto, a abertura da cuncha (peristome) está bordeada cun beizo. A superficie da cuncha é bastante suave e mate. Para diferenciar o Caracol de Quimper doutros caracois é a translucidez da cuncha que permite ver o interior.

Historia Natural

Especie propia de zonas húmidas e sombrías, vivindo frecuentemente dentro de bosques caducifolios faias, carballos ou castiñeiros. Tamén pode aparecer en bosques de ribeira e tamén en campos húmidos. Aliméntase de fungos que medran entre as follas ou baixo os troncos mortos. Pode comportarse como coprófago, detritívoro, ou carnívoro oportunista. O tamaño poboacional é reducido con tendencia á diminución debido ás repoboacións forestais. Adoitan poñer os ovos en pequenos buratos na terra, son hermafroditas e ovíparos. Os individuos novos nacen xa formados. Presenta numerosas poboacións en Galicia, asociadas a bosques caducifolios mixtos, con elevada humidade, abundancia de follas e brións; entre ortigas e feitos, próximas a cursos de auga con abundante vexetación herbácea. Tamén en covas. Pola forma e coloración, o caracol de Quimper confúndese co *Planorbis corneus*, gasterópodo de auga doce empregado nos acuarios.



Ameazas

A súa distribución foi minguada debido ás repoboacións e os incendios forestais.

Categoría UICN Global: LC (Preocupación menor), Catálogo UICN España: protexida e en Galicia: EN (en perigo de extinción). É endémico en Galicia.

Acción correctiva

A súa conservación pasa pola protección do seu hábitat, estudos sobre a súa bioloxía e requirimentos ecolóxicos, demografía, etc.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protexidos/elona_quimperiana_tcm30-196960.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158582&name=DLFE-13139.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Caracol_de_Quimper

Nome científico *Margaritifera margaritifera* (L., 1758)

nome galego ostra perlífera de auga doce

nome inglés freshwater pearl mussel

Introdución

Especie antigamente máis común e cunha forte regresión das súas poboacións.

Situación Taxonómica

Molusco propio de ríos limpos da familia Margaritiferidae da orde Unionoida que agrupa moluscos bivalvos de gran tamaño de auga doce.

Distribución

A nivel mundial, distribuída polos seis continentes. Na península Ibérica, Galicia acolle as mellores poboacións da especie, nos tramos superior e medio de ríos de augas limpas das provincias de Pontevedra, A Coruña e Lugo, aínda que chega ata Asturias.

Morfoloxía

Molusco bivalvo doceacuícola de gran tamaño (ata 15 cm de lonxitude), nacarado interior e gris escuro pola parte externa da cuncha.

Historia Natural

O ciclo vital está asociado ao da troita e salmón Atlántico: as larvas destes moluscos medran como parásitos nas branquias só destes peixes. Trala fecundación, a larva é incubada pola femia catro semanas. Cando alcanza 0,05 mm é liberada no río e fíxase nas branquias dunha troita ou salmón durante varias semanas (ata 10 meses), ata que se converte nun bivalvo de 0,5 mm que se fixa ao substrato onde medra ata alcanzar a madurez sexual aos 20 anos. É filtrador e aliméntase de microorganismos planctónicos, especialmente microalgas. Habita en ríos de augas moi limpas e claras, con correntes suaves. Os exemplares encóntranse en pozas naturais da beira dos ríos enterrados en gravas, area e rochas. Obsérvanse desprazamentos voluntarios de adultos por variacións no nivel de auga ou aumento de turbidez. É un excelente bioindicador da calidade das augas dos ríos.



Ameazas

Presión humana, contaminación e eutrofización da auga e fondos por derivados da agricultura (pesticidas, fertilizantes), presión gandeira, falta de recrutamento por desaparición dos peixes hóspedes das larvas, mortalidade por alteracións do hábitat, obras coma presas, embalses...e sedimentación de sólidos no leito por deforestación, erosión e incendios.

Catálogo UICN Europa2010: CR (en perigo crítico), Catálogo UICN España: CR (en perigo crítico) e en Galicia: EN (en perigo de extinción).

Acción correctiva

Control da eutrofización e prohibición da recolección, control do uso recreativo da auga e xeración de zonas de reserva integral que manteñan as



condicións naturais do seu hábitat, xa que é necesario o seguimento das súas poboacións.

Bibliografía

<https://www.iucnredlist.org/species/12799/3382660>

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/espaciosprotegidos/margaritifera_margaritifera_tcm30-196964.pdf

https://es.wikipedia.org/wiki/Margaritifera_margaritifera

Nome científico *Macromia splendens* (Pictet, 1843)

nome galego esmeralda espléndida

nome inglés splendid cruiser

Introdución

Libélula de presenza moi puntual e restrinxida a unhas zonas moi delimitadas en Europa.

Situación Taxonómica

Pertence á familia Macromiidae, composta por libélulas grandes, dentro da orde dos odonatos.

Distribución

Atópase no extremo sur e no suroeste de Francia e no oeste da Península Ibérica onde se considera unha especie rara con poboacións illadas.

En Galicia existen boas poboacións, pero están ameazadas.

Morfoloxía

O seu tórax é verde metálico e o abdome presenta manchas amarelas dorsais sobre fondo negro e ten uns enormes ollos verdes. Trátase dunha das máis grandes de Europa, pois chega a medir uns 70 mm de lonxitude. As súas patas son tamén bastante longas. É unha excelente voadora, de actividade diúrna, e que caza as súas presas axudándose das súas patas e da súa vista.

A única especie ibérica coa que pode confundirse é *Cordulegaster boltoni* que non presenta cores metálicas.

Historia Natural


Característico desta especie é que tende a pousarse colgando das polas das árbores. Reside en ríos anchos e algo profundos, sobre todo en treitos lentos onde se acumulan os sedimentos e crece a vexetación acuática abundante. Encóntanse en tramos soleados e con abundante vexetación de ribeira.

En Galicia observouse o comportamento dos machos, que consiste en patrullar continuamente un sector de uns 50-100 m do río. Pasado o mediodía, os machos alónxanse para alimentarse nos camiños ou no interior das carballeiras. Cando se pousan nas polas, fano nas horizontais, para deixar pender o corpo. As femias adultas só van ao río para a posta. As larvas entérranse no barro, próximo a beira e a pouca profundidade, baixo as polas da vexetación.

Ameazas

En Galicia están ameazadas pola contaminación da auga, pola destrución da vexetación de ribeira e pola variación do réxime hídrico dos ríos, facendo que se atope en perigo de extinción.

Especie en perigo de extinción en Galicia. Categoría IUCN para España CR (perigo crítico) Categoría UINC como vulnerable a nivel global e europeo.



Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat e mellora da calidade das augas, reducindo a contaminación das mesmas.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/macromia_splendens_tcm30-198181.pdf

<https://www.iucnredlist.org/species/12598/140605297#habitat-ecology>

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158474&name=DLFE-13121.pdf

Nome científico *Gomphus graslinii* (Rambur, 1842)

nome galego candil de Graslin

nome inglés pronged clubtail

Introdución

Libélula de moi escasa presenza na Península Ibérica.

Situación Taxonómica

É unha especie de odonato anisóptero que pertence á familia Gomphidae dentro da orde Odonata, orde de insectos carnívoros, que comprende as libélulas e os cabalos do demo.

Distribución

A área de distribución desta especie só comprende unha parte da Península Ibérica e parte do sur e suroeste de Francia. En Francia, as poboacións áchase claramente en regresión no oeste, sendo estables na zona do suroeste, ó oeste do río Ródano.

Na Península Ibérica habita en Portugal, agás na parte central do país, e en España no suroeste de Galicia, suroeste de Castela e León e sur e suroeste de Andalucía.

Morfoloxía

O corpo desta libélula é de tons escuros, con manchas amarelas, e ten uns enormes ollos moi separados e grisverdosos. Ten o corpo de cor amarela, cunha serie de liñas negras, caracterízase polas súas amplas liñas negras nas áreas antehumeral e humeral do tórax, as súas patas son maioritariamente negras, salvo as coxas que son amarelas e os fémures con raias amarelas. Os adultos miden usualmente de 4 a 7 cm de lonxitude.

Historia Natural


É de actividade diúrna e caza as súas presas mentres voa coa axuda das súas patas e da súa excelente vista. Vive en regatos, ríos, arrosios ou lagos en estado próximo ó natural que non superen os 4 m de ancho, cunha velocidade media das augas e con fondos terrosos. Vive en zonas solitarias e busca acubillo na vexetación da ribeira de marxes sombreadas e centro soleado.

Aínda que se trata dunha especie de augas correntes, parece ser máis común en zonas de remanso, coma *Macromia splendens*, especie coa que comparte hábitat. Os machos patrullan as beiras do río, voando a un metro sobre as augas. Descansan pousándose sobre as pedras.

Ameazas

En Galicia, está afectada pola contaminación das augas e a variación do réxime hídrico dos ríos, facendo que se atope en perigo de extinción. As obras de canalización tamén destrúen o seu hábitat. Outros factores a ter en conta son a destrución do bosque de ribeira e o desenvolvemento urbanístico.

IUCN Mundial 2006: NT (Case ameazado), IUCN



España 2006: Nacional: EN (en perigo de extinción)
en Galicia: EN (en perigo de extinción)

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat e establecer figuras de protección. Débese evitar a contaminación das augas e modificacións do leito de forma estrita. A coincidencia case absoluta coa distribución de *M. splendens* indica que ambas especies teñen requirimentos de hábitat moi similares e as medidas de protección do hábitat beneficiarían aos dúas taxa.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/fr/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/gomphus_gralsinii_tcm36-198164.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158468&name=DLFE-13120.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Gomphus_graslinii

Nome científico *Cerambyx cerdo* L., 1758

Nome galego escornabois

Nome inglés great capricorn beetle

Introdución

Escarabelo de gran tamaño asociado ós bosques maduros de *Quercus* (enciña, carballo...)

Situación Taxonómica

Familia *Cerambycidae*, característica por contar con longas antenas dentro da Orde *Coleoptera* que inclúe gurgullos, vagalumes, couzas da madeira, maruxiñas, vacalouras..., característicos polo par de ás anterior (élitros) endurecidos.

Distribución

Estuvo presente en toda Europa. Actualmente, en retroceso en Europa Central e Norte. Presente en Europa Sur, Central, norte de África, Asia Menor e Cáucaso. Vive na zona holomediterránea, nas áreas máis cálidas. Moi dispersa na península Ibérica e Illas Baleares. En Galicia aparece salferida.

Morfoloxía

Coleóptero de 41-55 mm de lonxitude. Corpo alongado, robusto e antenas máis longas que o corpo nos machos. Nas femias estas son tan longas como as ás duras. As patas e o corpo son negros, agás os élitros que son de color marrón avermellado cara as puntas. Boca con fortes mandíbulas e unllas nas patas para preparar pola codia das árbores.

Historia Natural


Habitan sobre quercíneas e outras frondosas como abeleiras, freixos, olmos, etc. Raramente en cultivos.

As larvas superan o tamaño dos adultos, chegando a medir ata 9 cm de longo. Os adultos poñen os ovos no interior da codia das árbores enfermas onde se alimentarán as larvas, contribuíndo á morte da árbore porque viven cara ao interior do tronco, entre dous e catro anos escavando galerías. No último ano, na primavera ou no verán, o adulto sae, onde vive sobre dous meses, alimentándose de zumes vexetais. Nestes meses voan para se reproducir e dar comezo a un novo ciclo. Os adultos son agresivos entre si e mutilanse coas mandíbulas se se atopan no mesmo tronco.

Ameazas

Os problemas están ligados á desaparición e/ou destrución do hábitat pola deforestación do bosque autóctono e a substitución por plantacións non idóneas para a especie. Ademais, o uso de pesticidas e coleccionismo tamén son unha ameaza.

Catálogo IUCN Global96: VU (vulnerable), en España protexida segundo o Anexo II da Directiva 92/43/CEE e o Anexo IV da dita directiva queda sometida a protección estrita e en Galicia: VU (vulnerable) por estar restrinxida a áreas de aciñeirais, como a Serra da Enciña da Lastra ou Caurel.



Acción correctiva

Control da deforestación carballeiras, sobreirais, aciñeirais, corta das árbores vellas e uso de pesticidas xunto ao coleccionismo.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/va/biodiversidad/publicaciones/CERAMBYXCERDO_tcm39-194902.pdf

<https://www.iucnredlist.org/es/species/4166/10503380>

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158673&name=DLFE-13153.pdf

<https://www.botanical-online.com/animales/cerambyx-cerdo-caracteristicas>



Nome científico *Hyla molleri* Bedriaga, 1889
nome galego rela, ra de Santo Antón, ra das figueiras
ou estroza
nome inglés tree frog

Introdución

Pequena ra propia de veigas e cunha continua rarefacción na súa distribución.

Situación Taxonómica

É un anfibio anuro pertencente á familia dos hílidos (Hylidae), de pequeno tamaño, corpo algo repoludo, cor verde e hábitos arborícolas pertencente á orde dos ras e sapos.

Distribución

Especie endémica da península Ibérica, encontrándose en Portugal, España e, marxinalmente, na Francia sudoccidental.

En Galicia, aínda que localmente é abundante, presenta redución na súa distribución, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense.

Morfoloxía

Anfibio de pequeno talle, ata 5 cm. O corpo é ovalado, cabeza ancha e ollos grandes con destacados iris de cor dourada. Facilmente recoñecibles pola súa intensa cor verde brillante, aínda que é capaz de cambiar a súa cor do verde ata o pardo. Presenta extremidades esveltas e dedos provistos de ventosas grazas ás cales gabea facilmente pola vexetación. O período reprodutor iníciase en primavera en lugares de auga doce e con abundante vexetación. Para o apareamento o macho atrae a femia co seu canto, durante a noite. A femia deposita paquetes de ovos, os cales son fecundados externamente polo macho.

Historia Natural

A rela vive entre a vexetación preto da auga ou en zonas húmidas como prados, canavais, xunqueiras, sebes e xardíns.


É unha especie insectívora e hábitos nocturnos; durante o día repousa agochada na vexetación. Durante a primavera as relas habitan en charcas, marismas e ríos de cursos lentos, onde se produce a desova e o desenvolvemento das larvas.

Os cágados, de tons verdes irisados, miden entre medio e cinco centímetros de lonxitude, teñen o espiráculo no lado esquerdo e o ano no dereito, e unha crista dorsal moi elevada que comeza nos ollos. A cola remata nunha punta fina e adoita ser lisa, aínda que ás veces presenta unha franxa escura lonxitudinal.

Ameazas

Destrución e desecamento do hábitat, contaminación das augas en zonas agrícolas, uso de pesticidas que alteran a metamorfose afectando a viabilidade das larva, queima da vexetación de ribeira e introdución de especies exóticas.

Categoría mundial UICN: NT (casi ameazada),



Categoría UICN España: LC (preocupación menor) e en Galicia: VU (vulnerable).

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat e redución do uso de pesticidas.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/anfibios_23_tcm30-98898.pdf
<https://gl.wikipedia.org/wiki/Rela>
https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158625&name=DLFE-13146.pdf

Nome científico *Pelobates cultripes* (Cuvier, 1829)

Nome galego sapo de esporóns

Nome inglés iberian spadefoot toad

Introdución

Especie pouco coñecida e escasa por mor da especialización do hábitat preferente.

Situación Taxonómica

Da familia Pelobatidae da orde Anuros, anfibios, coñecidos como ras e sapos. Caracterízanse por carecer de cola, presentar corpo curto e moi ensanchado, e patas posteriores moi desenvolvidas e adaptadas para o salto. Son o grupo máis numeroso de anfibios.

Distribución

A distribución mundial límitase á Península Ibérica e costas mediterránea e sudoccidental de Francia. Na península Ibérica as poboacións fanse máis escasas ou desaparecen no Norte. En Galicia, só aparece ao sur e na franxa costeira das rías Baixas.

Morfoloxía

Grande, repoludo, pode acadar 90 mm de lonxitude, pel lisa ou espullenta. Ten unha espora metatarsal moi dura, de cor negra. Cabeza ancha e rugosa. Ollos moi grandes e prominentes, con pupila vertical e iris dourado ou verde claro con liñas sinuosas de cor negra. Lingua circular, libre por diante. Cor do dorso gris pálida, abrancazada, castaña clara ou verde, cun pincharado formado por manchas escuras máis ou menos estendido. Zona ventral de cor crema.

Historia Natural


Os hábitats son: zonas boscosas, zonas abertas, coma cultivos, pastizais, dunas, entornos fluviais, etc.

Os adultos aliméntase de anélidos, gasterópodos, ortópteros e coleópteros e as larvas de microorganismos, restos vexetais e animais, pequenos crustáceos, postas doutros anfibios e poden practicar canibalismo se están en grandes densidades.

En clima suave, a reprodución prodúcese de outubro hasta marzo. En climas máis fríos, prodúcese de decembro a maio. Machos e femias emiten chamadas baixo a auga. O tamaño da posta varía entre 1.301 e 4.042 ovos. O desenvolvemento larvario dura tres ou catro meses. Os individuos metamórficos, con restos de cola, abandoan a auga cunha talla de 18,2 a 34,1 mm. A actividade é nocturna, para se protexer nos períodos de inactividade, entérranse utilizando os esporóns. Coma reacción defensiva encha o corpo e emite sons semellantes aos miañados.

Ameazas

Urbanística e turística da franxa litoral e introdución de especies foráneas como o cangrexo de río americano ou especies de peixes que poden incidir nas fases embrionaria e larvaria.



Categoría global IUCN (2008): NT (case ameazada),
Categoría España IUCN (2002): NT (case ameazada) e
en Galicia: VU (vulnerable)

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o hábitat e control da introdución de especies foráneas.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/anfibios_17_tcm30-98892.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158637&name=DLFE-13148.pdf

<http://www.vertebradosibericos.org/anfibios/pelcul.html>

Nome científico *Salamandra salamandra* (L., 1758)

Nome galego píntega

Nome inglés salamander

Introdución

A maior parte das poboacións de Galicia están en bo estado de conservación, pero as insulares están gravemente ameazadas

Situación Taxonómica

Anfibio urodelo da familia Salamandridae, anfibios caudados da Orde Caudata coñecidos coma salamandras ou tritóns que teñen hábitos terrestres, unicamente entran na auga para parir.

Distribución

En Europa esténdese do Atlántico ata Ucraia, os países balcánicos e Grecia. Na Península Ibérica está presente nas zonas húmidas de Galicia, cornixa Cantábrica e Pirineos.

Morfoloxía

A píntega común é un anfibio moi coñecido no noso medio natural. É grande e aspecto robusto, cun fuciño redondeado, ollos grandes e sobresaíntes. A pel do dorso e dos costados é lisa e brillante, con poros ben visibles. A cola é relativamente curta e cilíndrica. O tamaño, sempre maior nas femias, vai dos 120 e os 180 mm. O seu aspecto é inconfundible: negro brillante con manchas amarelas dispostas de xeito diverso segundo os individuos ou a zona xeográfica.


Historia Natural

As femias son ovovíparas, é dicir, paren as larvas xa formadas unha a unha, en regatos, empozamentos de mananciais, sempre en augas limpas e ben oxixenadas. O seu hábitat ideal son as fragas húmidas e sombrizas, sempre preto da auga e tamén en hortas e pradarias. Procura refuxio baixo pedras, troncos, buratos en paredes, etc. De hábitos nocturnos, refúxiase en galerías doutros animais ou en cavidades, entre raíces ou pedras.

Ameazas

Por mor das súas rechamantes cores e da secreción urticante da súa pel foi sempre un animal con moi pouca sona no noso país e vilipendiado. Aféctalle a desaparición das carballeiras, soutos e fragas, así como os incendios, talas masivas, uso de pesticidas na agricultura e os vertidos nos cursos de auga. Tamén a introdución de peixes alóctonos en lagoas e regatos afecta ás larvas, aumentando o risco de desaparición das poboacións.

Catálogo Global UICN2008: LC (preocupación menor), Catálogo Europeo UICN2008: LC (preocupación menor), Catálogo España UICN2008: VU (vulnerable) e en Galicia: EN (en perigo de extinción) nas illas Cíes e VU (vulnerable) nas illas Ons, San Pelaio-Coelleira e San Vicente.



Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat, control de incendios forestais, redución do uso de pesticidas e recuperación do bosque autóctono.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/anfibios_4_tcm30-98879.pdf
https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158655&name=DLFE-13151.pdf
<https://www.iucnredlist.org/es/species/59467/11928351>

Nome científico *Emys orbicularis* (L., 1758)

Nome galego sapoconcho común

nome inglés european pond turtle

Introdución

En Galicia en perigo de extinción por tratarse de poboacións moi escasas en canto ao número de exemplares.

Situación Taxonómica

É unha tartaruga da familia Emydidae e única representante do xénero *Emys* en Galicia. Son tartarugas que comprende máis de 80 especies, que xurdiron no Oligoceno, tendo a maioría dos xéneros representantes na actualidade dentro da orde Testudines de réptiles caracterizados por teren un tronco ancho e curto e unha coiraza, cuncha ou envoltura que protexe os órganos internos.

Distribución

Atópase no centro e sur de Europa, Asia Occidental, Norteamérica e a zona mediterránea de África. A distribución de *Emys orbicularis* é esparsa e moi fragmentada na Península Ibérica, con rexistros de individuos illados ou de poboacións moi pequenas e ausente de grandes áreas peninsulares. É moi rara en Galicia onde existen pequenas poboacións en enclaves illados do sur de Pontevedra e Ourense.

Morfoloxía

Especie de pequeno tamaño, duns 20 cm con caparazón lixeiramente combado, que pode chegar a medir 163 mm, sen quillas visibles nos adultos, cun lombo que soe presentar un fondo escuro con liñas ou puntos amarelos, aínda que hai individuos cun patrón de cor inverso. O peto presenta maior variabilidade, con individuos completamente claros e outros completamente escuros. Ocupa medios acuáticos naturais e artificiais, dende o nivel do mar ata 1000 m de altitude, preferindo lugares con abundante cobertura vexetal e escasa corrente.

Historia Natural


A súa actividade empeza na primavera, acadando o máximo da súa actividade de abril a maio e o segundo pico de actividade de setembro a outubro. Coa baixada da temperatura hibernan.

Está activa dende as primeiras horas da mañá onde se termorregula sobre os troncos das árbores e outros obxectos. Se é perturbada, lánzase á auga dirixíndose ao fondo onde se enterra ata que pasa a ameaza.

Vive preto ou en cursos de auga cuxa corrente sexa lenta e inverna durante máis de sete meses ao ano no fondo da auga.

Ameazas

Nas zonas onde se presenta esta especie hai unha forte presión industrial, que fai que as poboacións se reduzan.



Categoría mundial UICN: NT (case ameazada),
Categoría UICN España: VU (Vulnerable)

Acción correctiva

Redución do seu hábitat por desecación, aterramento ou vertido de residuos, conservación de zonas húmidas, construción de infraestruturas e a introdución de especies exóticas que compiten polo alimento e hábitat.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/reptil_1_tcm30-98906.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158606&name=DLFE-13143.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Sapoconcho_com%C3%BAAn#cite_note-CondeTeira-1

<https://www.fauaiberica.org/galapago-europeo>

Nome científico *Zamenis scalaris* (Schinz, 1822)
Nome galego serpe riscada ou cobra de escada
Nome inglés ladder snake

Introdución

Especie non velenosa de cobra, vulnerable nas Illas de Arousa e Cíes por ter poboacións reducidas, sensibles a cambios e sen posibilidade de aporte de novos exemplares pola insularidade.

Situación Taxonómica

Da Orde Squamata, réptiles que inclúe os lagartos, camaleóns, iguanas e formas afíns, coma serpes e ánguidos ou cobras cegas da familia Colubridae ou cobras verdadeiras de cabeza cuberta de escamas e distribución cosmopolita.

Distribución


Distribución ibero-occitana; na península Ibérica presente nos límites da rexión Mediterránea, pois apenas penetra na Eurosiberiana. Escasea nas zonas frías da meseta castelán-leonesa e nas montañas da metade norte peninsular. En Galicia, presente na metade sur, de xeito irregular nas provincias de Ourense e Pontevedra e pola costa acada as zonas do Monte Pindo, en Carnota, e en Lugo aproxímase á zona do Courel. Son moi salientables as poboacións insulares da Rías Baixas.

Morfoloxía

Ofidio grande, robusto e corpo musculoso. Cabeza diferenciada do corpo e fociño prominente e afiado. Cola curta. Acada unha lonxitude de 120 cm. Dorso e costados de cor amarelada, ocre, parda ou cinsenta. O deseño característico son dúas liñas negras ou pardas escuras paralelas que percorren lonxitudinalmente o corpo. Os subadultos presentan un deseño barrado perpendicular a esas liñas dorsais, o que lle confire aspecto de escada. O ventre de cor branca, cinsenta ou marela, sen deseño nos adultos. O iris pode ser amarelo, castaño ou case negro.

Historia Natural

Muda a dieta segundo medra. As crías comen insectos, lagartixas e crías de roedores e os subadultos e adultos comen roedores e polos de aves. Cazan ao axexo, enrolándose arredor da presa ata asfixiala. Especie ovípara, os machos presentan espermatoxénese estival e as cópulas suceden dende a primavera. As femias realizan viteloxénese en primavera avanzada e a posta, de poucos e grandes ovos (4-14), sucede en xullo. As eclosións son en outubro. Forman parte da dieta de numerosos depredadores, sendo presa máis consumida pola águia cobreira. Vive en todo tipo de hábitats: bosques, silveiras, piñeirais, campos de labor... O idóneo son matogueiras soleadas con rochas dispersas. Nas zonas montañosas ocupa vales e abas orientados ao sur.



Ameazas

Perseguida, coma as cobras e ofidios, padece a acción devastadora dos incendios forestais.

Categoría global IUCN (2009): LC (preocupación menor), Categoría España IUCN (2002): LC (preocupación menor) e en Galicia: VU (vulnerable).

Acción correctiva

Control dos incendios forestais no seu hábitat.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/0904712280003d3f_tcm30-98959.pdf

<http://www.vertebradosibericos.org/reptiles/rhisca.html>

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158947&name=DLFE-13199.pdf

Nome científico *Anguis fragilis* (L., 1758)

Nome galego escáncer común, boeiro, escanzre, liscanzre ou liscanzo

Nome inglés slow worm

Introdución

Reptil frecuentemente confundido cunha cobra, sufrindo persecución por este motivo.

Situación Taxonómica

Pertencen á Orde Squamata, caracterizado por presentar escamas dentro da familia Anguidae que se caracteriza pola ausencia de extremidades, tomando o aspecto de cobras de pequeno tamaño.

Distribución

Réptil amplamente distribuído pola maior parte de Europa e o norte da Península Ibérica, Moi estendida en Galicia, coa categoría de vulnerable nas Illas Cíes, Ons, Sálvora e Sisargas debido ao illamento das mesmas onde calquera factor adverso as pode extinguir.

Morfoloxía

Corpo cilíndrico e moi alongado que pode acadar os 30 cm de lonxitude. Cabeza pequena cun pescozo pouco definido, fociño romo e abertura timpánica pouco definida. Pel bastante ríxida de coloración variable, de gris ou ocre ata castaño, Nas femias destácase unha gran banda dorsal de cor ocre moi clara

Historia Natural

Habita en lugares húmidos e sombríos, con cobertura vexetal abundosa, preferentemente herbácea con mato ou arbustos espaxados. Gusta especialmente dos prados de sega ou de dente con lindeiros de silvas ou fentos, e das veigas próximas a brañas e lagoas. Refúxiose baixo pedras, arbustos, troncos ou mesmo galerías de micromamíferos.

O celo iníciase na fin do inverno e os apareamentos acontecen na primavera. Durante a cópula os machos morden as femias detrás da cabeza, no pescozo ou na parte anterior do corpo, deixándolle sinais a xeito de laceracións. É unha especie ovovivípara, Aliméntanse de larvas de insectos, gasterópodos (sobre todo, lesmas), arácnidos e coleópteros.

Ameazas


Ataques das xentes por mor da súa semellanza coas cobras e tamén sofre os efectos devastadores dos incendios forestais.

Categoría España IUCN (2002): LC. (preocupación menor) e no catálogo galego: VU (vulnerable).

Acción correctiva

Control dos incendios forestais

Educación ambiental da poboación.



Bibliografía

https://sghn.org/wpcontent/uploads/2019/07/Herpetoloxia_AARG_Completo_2018_vertical_3.pdf
<http://www.vertebradosibericos.org/reptiles/angfra.html>
https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158899&name=DLFE-13191.pdf

Nome científico *Chalcides bedriagai* (Boscá, 1880)

Nome galego esgonzo ibérico

Nome inglés ocellated skink

Introdución

Réptil moi escaso e vinculado a zonas moi insoladas con solos areosos.

Situación Taxonómica

Especie endémica da península Ibérica da familia Escíncidos que conta con gran diversidade dentro da Orde Squamata ou escamosos.

Distribución

Especie endémica da península Ibérica, distribúese pola maior parte da mesma, agás o extremo norte (Cordillera Cantábrica, Asturias e País Vasco). Moi escasa e localizada en Galicia. Especie en perigo de extinción en Galicia nas Illas Cíes e Ons e na provincia de A Coruña segundo o CGEA, o resto das poboacións de Galicia están en declive e distribución moi fragmentada, polo que se catalogan de vulnerables.

Morfoloxía

Semellante ao esgonzo común, pero co corpo máis curto (consegue tamaños de 60 a 89 mm), cilíndrico e groso recuberto de escamas lisas e brillantes. A cabeza é pequena, de forma cónica e un fociño redondeado. Os orificios auditivos son foxos oblicuos entre o pescozo e a cabeza. As extremidades, reducidas, teñen cinco dedos cada unha, máis longas as posteriores que as anteriores. A cor do dorso é semellante ao bronce.

Historia Natural

Vive especialmente en zonas de dunas e zonas areosas do límite interior das praias, onde a vexetación dominante sexa a matogueira rica en toxos, xestas, camariñas... Busca acubillo baixo as pedras e vexetación morta.


Activo de marzo a setembro. A actividade diaria, fóra dos refuxios, sucede a primeiras horas da mañá e últimas da tarde, pasando o resto do día ocultos. Regula a súa temperatura corporal baixo a superficie. Trátase dunha especie moi localizada e vinculada a determinados hábitats. O período de celo dáse ben entrada a primavera. É unha especie ovovivípara, é dicir, os ovos eclosionan dentro do corpo da nai, e os embrións desenvólvense nos seus ovidutos. Paren entre 2 e 3 crías a finais do verán. Aliméntanse da captura de presas baixo as pedras onde vive. Come, sobre todo, escaravellos, arañas e larvas de insectos.

Ameazas

Presión do turismo e urbanismo das zonas costeiras. Especie sensible ás variacións do hábitat.

Acción correctiva

Control do turismo e urbanismo nas zonas costeiras. Establecer figuras de protección do territorio coma a figura de Parque Nacional das Illas Cíes e Ons.



Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/reptil_8_tcm30-98913.pdf

<http://www.vertebradosibericos.org/reptiles/chabed.html>

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158594&name=DLFE-13141.pdf

https://sghn.org/wpcontent/uploads/2019/07/Herpetoloxia_AARG_Completo_2018_vertical_3.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Esgonzo_ib%C3%A9rico



Nome científico *Burhirus oedicnemus* L., 1758

Nome galego alcavarán, pernileiros

Nome inglés atone - curlew

Introdución

Ave escasa e de difícil localización.

Situación Taxonómica

Pertence á Familia Burhinidae, familia da Orde Charadriiformes de aves acuáticas, denominados pernileiros ou alcaraváns, que se encontran nas rexións tropicais e temperadas do mundo, cunha especie que vive en Galicia. A maioría das especies teñen preferencia por territorios áridos ou semiáridos.

Distribución

Mundial. Extensa área de cría desde Inglaterra, Iberia, Canarias e Mauritania, hasta o centro de Asia e Indochina. En Europa diminuíu enormemente e chegou a extinguirse en Alemaña e Holanda. Especie con ampla distribución na península Ibérica, pero practicamente ausente na franxa húmida do norte. En Galicia distribúese na comarca da Limia e en certos areais costeiros (especialmente no Parque Natural complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán). Ocupa terreos chans, con pouco ou sen arborado. Hai unhas 40 parellas reprodutoras en Galicia.

Morfoloxía

Ten unha lonxitude corporal entre 38 e 46 cm, cunha envergadura alar de 76-88 cm, e pode pesar entre 290 e 535 g. Destaca polo seu aspecto descoidado, con ollos moi grandes e amarelos. Corpo acastañado claro, con manchas escuras repartidas polo dorso e as ás. Bico forte, coa base amarela e a punta de cor negra. A parte ventral é cremosa, con manchas pardas no peito. Nas ás destaca unha banda branca rodeada de negro nas cobertoras. Patas longas e amarelas.

Historia Natural


Corre rápido, en movementos fugaces, e logo fica inmóbil, mirando fixamente. Aliméntase principalmente de escaravellos (coleópteros) e saltóns (ortópteros).

Habita en sistemas dunares, campos ermos, pasteiros e áreas de cultivo. Esta especie é un migrante de verán na parte da súa área de distribución da Europa temperada e inverna en África. Na primavera e verán, faise notar a través do seu característico reclamo, un cur-li-liii inconfundible que se oe en horas crepusculares e nocturnas.

Ameazas

A principal é a intensificación agrícola que prexudica o hábitat de reprodución da especie e o uso excesivo de insecticidas.

Catálogo IUCN Europa: LC (preocupación menor), Catálogo IUCN España: EN (en perigo de extinción) e en Galicia: EN (en perigo de extinción).



Acción correctiva

Control do uso de insecticidas e a intensificación agrícola. Aplicación de medidas protectoras do territorio.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/alcaravan_comun_tcm30-99954.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158504&name=DLFE-13126.pdfhttps://es.wikipedia.org/wiki/Burhinus_oedicnemus

https://es.wikipedia.org/wiki/Burhinus_oedicnemus

Nome científico *Charadrius alexandrinus* L., 1758

Nome galego pillara das dunas

Nome inglés kentish plover

Introdución

Pequena ave costeira cunha perda paulatina de efectivos.

Situación Taxonómica

Na Orde Charadriiformes, que acolle limícolas, gaivotas e aves asociadas a medios acuáticos da familia Charadriidae.

Distribución

Distribución ampla, case cosmopolita, ocupa parte do sur e norteamérica, África, Asia e Europa. En Galicia atópase en todo o litoral pero as poboacións están en regresión.

Morfoloxía

Ave duns 16 cm, o macho adulto, en plumaxe nupcial, presenta partes superiores de cor castaña clara, semellante á area, fronte escura e capacete arroibado. Ten unha escura lista ocular e unha semicor de cor parda escura, aínda que estes caracteres desaparecen en época invernal. Bico negro e fino. Patas negras algo retrasadas, adaptadas á carreira sobre a area.

Historia Natural

Habitan en sistemas dunares e praias ben desenvolvidas, marismas secas e salinas. Aliméntase de insectos, arañas, vermes, moluscos, crustáceos e outros invertebrados.

É ave que forma grupos. Vese con frecuencia correteando polas praias ou en voo rasante e rápido, que emprende cando se ve moi invadida. Fai postas de abril a agosto, en pequenas depresións do terreo, poñendo 3 ovos que chocan ámbolos dous proxenitores.

Na primavera e outono aumentan pola chegada de grupos migratorios.


Ameazas

Propia do litoral e en forte retroceso pola presión turística (masificación das praias, quads, campings, construcións...) nos lugares de cría, pola predación de córvidos, cans e raposos, usos recreativos das praias, destrución da vexetación dunar ou regresión costeira. O fracaso reprodutor está ligado ás actividades humanas, coma destrución de niños en tarefas mecanizadas de limpeza de praias e, en menor medida, as asociadas a depredadores naturais ou domésticos (corvos, cans...) Categoría UICN2020: LC (preocupación menor), categoría UICN España: VU (vulnerable) e en Galicia: VU (vulnerable).

Acción correctiva

Espazos con figuras de protección e redución dos usos recreativos das praias.

Plan de conservación da pillara das dunas da Xunta de Galicia 2014 con actuacións nos areas, coma as gaiolas de protección dos niños, limitacións nos



accesos, na presenza de animais domésticos ceibos e determinadas actividades deportivas e de limpeza.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/chorlitejo_patinegro_tcm30-99970.pdf

<https://seo.org/chorlitejo-patinegro-ave-del-ano-2019/>
https://ebird.org/species/kenplo1?siteLanguage=es_ES

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Fauna_vulnerable/especie_0012.html



Nome científico *Phalacrocorax aristotelis* L., 1761

Nome galego corvo mariño cristado

Nome inglés european shag

Introdución

En regresión nos últimos anos, localizándose nas Illas Atlánticas a colonia máis grande de Europa.

Situación Taxonómica

O cormorán moñado clasifícase na familia dos cormoráns, Phalacrocoracidae da orde Suliformes, aves acuáticas pescadoras.

Distribución

Exclusivamente no Paleártico occidental. A spp. nominal distribúese polas costas atlánticas europeas. Concéntrase principalmente nas Illas Británicas e Noruega: Illas Farne (Inglaterra), Fowlsheugh (Escocia) e Runde (Noruega).

Na península Ibérica distribúese en pequenas colonias pola costa cantábrica e atlántica, do País Vasco hasta Galicia, con colonias dispersas en Asturias e Cantabria. As poboacións corvo mariño cristado parecen estar illadas das do norte de Europa. En Galicia está por toda a costa, en acantilados, illas e illotes.

Morfoloxía

É de tamaño medio, os adultos teñen a plumaxe negra con matices verdes brillantes. Ollos con iris de cor esmeralda. Na época nupcial desenvolve unha pequena crista. Bico longo e afiado, curvado na punta a xeito dun gancho. Patas negras. Os inmaturos son de cor parda escura, coa parte ventral máis clara.

Historia Natural



O corvo mariño cristado é un dos mellores mergulladores da familia Phalacrocoracidae, chegando a profundidades de 45 m durante 20-45 segundos, cun descanso dun mínimo de 15 segundos. Aliméntase de especies piscícolas variadas, sobre todo de sardiñas e bocarte.

Despois de mergullarse, ten que deixar as súas ás abertas para que o sol e o vento as sequen. Aniña en pequenos abrigos rochosos, en fendeduras ou pequenas covas na costa. Os niños consisten en fachos descoidados de algas mariñas e herbas unidos polo seu propio esterco. Chocan normalmente tres ovos. Os pitos nacen desprovistos de plumaxe e durante os primeiros días dependen completamente dos adultos para quentarse. Non saen do niño durante dous meses e comezan a voar en xuño ata finais de agosto. Habita en zonas de costa rochosa.

Ameazas

A principal ameaza reside na elevada mortalidade por capturas accidentais en artes de pesca e, sobre todo, nas mareas negras e os vertidos de combustibles desde todo tipo de embarcacións.

Catálogo Global UICN 2015: LC (preocupación menor), Catálogo Europeo UICN 2015: LC (preocupación



menor) e en España e Galicia: VU (vulnerable)

Acción correctiva

Redución da presión humana sobre a súa zona de alimentación e redución de axentes contaminantes.

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/cormoran_moniuado_tcm30-100113.pdf

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=158751&name=DLFE-13166.pdf

https://es.wikipedia.org/wiki/Phalacrocorax_aristotelis

Nome científico *Myotis myotis* (Borkhausen, 1797)
nome galego morcego de orellas de rato grande
nome inglés greater mouse-eared bat

Introdución

Morcego de tamaño mediano, propio de covas e buratos.

Situación Taxonómica

Da familia Vespertilionidae de morcegos que habitan nas zonas templadas do planeta. Inclúese na Orde Chiroptera, orde dos morcegos, mamíferos coas extremidades superiores desenvolvidas coma as.

Distribución

Habita en Europa e Illas Azores. En Europa, ao sur dunha liña que pasa por Holanda, costa xermanopolaca e Crimea. En España atópase na rexión Mediterránea e Mallorca, cunha distribución irregular marcada pola dispoñibilidade de refuxios e a calidade dos hábitats de caza. En Galicia aparecen pequenas poboacións illadas moi localizadas.

Morfoloxía

É o máis grande dos morcegos de Europa, e chega a medir 450 mm de envergadura. As femias son algo maiores que os machos. Pelo curto e denso, de base escura, con dorso castaño ou pardo agrisado e ventre case branco. Pel arroibada. Fociño ancho e con avultamentos glandulares. Orellas grandes.


Historia Natural

Os seus territorios de caza adoitan ser bosques abertos de tipo adevesados e parques asociados con áreas marxiniais urbanas. Está considerado unha especie forestal. É unha especie tipicamente cavernícola, utiliza coma refuxios, covas, minas ou calquera tipo de cavidade subterránea, tamén se atopa en faiados e sotos. Caza voando lento a 30-70 cm sobre chans nus ou pastos curtos, evitando herbais densos. Tras localizar a presa, captúraa coa boca sen pousarse.

Gregario durante a cría, as femias forman parideiras. En sete ou oito semanas os novos xa voan fóra do refuxio. As colonias que poden reunir miles de femias a partir do mes de marzo, xunto con outras especies de morcegos. Os machos ao principio mesturados coas femias, sepáranse en pequenos grupos que volven a reunirse en agosto para a cópula. Pasan o período de separación noutros refuxios, solos ou en pequenos grupos e volven en agosto para o celo, formando pequenos haréns con ata tres femias.

Ameazas

As principais ameazas derivan da destrución ou inutilización de refuxios e as molestias por visitas durante a época de cría ou de hibernación. O maior problema é a matanza directa por animadversión cara a especie, así coma a escasez de insectos, base da súa alimentación.



Acción correctiva

Redución da presión humana sobre o seu hábitat.
Redución uso pesticidas e biocidas
Conservación de refuxios

Bibliografía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/ieet_mami_myotis_myotis_tcm30-99846.pdf
https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/servicios/banco-datos-naturaleza/lista_mamiferos_tcm30-194955.pdf
https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=169837&name=DLFE-13701.pdf
https://es.wikipedia.org/wiki/Myotis_myotis



A **Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.)**. Fundada en 1973, é «unha asociación independente e científica, dedicada ó estudo, divulgación, conservación e defensa da natureza e do medio ambiente, que non téñen na súa actuación fins lucrativos» (Art. 5º dos Estatutos).




A **SGHN** é unha asociación legalmente inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918, inscrita no rexistro de Entidades de carácter ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2009/0110 e co número AO/C-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas.

Onde estamos e como nos organizamos

SGHN organízase por delegacións e seccións.

Podes ver o detalle e contacto das mesmas en

<https://sghn.org/sghn/directorio/>



Museo

Ten unha estrutura expositiva distribuída en dous andares. No andar baixo está a recepción, o salón de actos, biblioteca, laboratorio e sala de lectura.

O andar primeiro hai dúas salas, que suman uns 500 m², con módulos didácticos atendendo á súa temática.

O MHN está aberto gratis ao público grazas a un convenio co Concello de Ferrol. As instalacións abre todos os días, agás o día 1 de xaneiro e o 25 de nadal. O horario é de 9:30-13:30 h e de 16:30-20:30; os meses de xullo e agosto é festivos é de 10-14 h.

O MHN ofrece visitas guiadas a grupos maiores de cinco ou máis persoas baixo demanda e visitas libres.



Calamar xigante (*Architeuthix dux*)

Custodia do Territorio

Dirixida a rehabilitar hábitats para especies como a conícora (*Vanellus vanellus*), cardo das ribeiras (*Eryngium viviparum*), sapiño de esporóns (*Pelobates cultripes*) e resto de fauna e flora asociada a hábitats lacustres.



Actualmente temos en propiedade 1,32 ha en veigas asolagables da chaira limiá (zona húmida Antonio Villarino)
Alugados ó Bantegal 37,94 ha
Acordos de custodia 20,72 ha
Un total de 97 predios e 59,98 ha

Somos parte fundadora de Terras do Mandeo, constituída por Rabo de Galo, GN Hábitat e SGHN, con 26,83 Ha en custodia.

Publicacións

Divulgamos os coñecementos e a concienciación a través de diversas publicacións como **Paspallás**, revista divulgativa **BRAÑA**, revista científica **Atlas**, somos os autores do primer atlas de vertebrados de Galicia, revisión dos hérpetos e tamén de invertebrados, en curso o Atlas de especies exóticas invasoras e outros máis de insectos.



¡COLABORA CONNOSCO!

O labor da SGHN precisa da colaboración dos seus socios e simpatizantes, tanto nos labores administrativos, coma nas actividades. Suxire, propón, aporta as túas inquiredanzas na túa Delegación, na túa vila ou en calquera das Seccións existentes. Calquera aportación é benvida e necesaria.



As confección das fichas das especies recollidas neste Paspallás son obra do alumnado e profesorado do IES Félix Muriel de Rianxo (A Coruña) dentro do proxecto Erasmus+ “Climate Change studies and research in the EU”.

As fichas foron revisadas por SGHN e puntualmente engadíronse algúns datos ós mapas a partires de datos propios e colaboradores.

Debemos agradecer a cesión gratuíta da maior parte das fotografías ós titulares dos créditos e as melloras e puntualizacións á taxonomía e localizacións.



'Ti debes ser o cambio que desexas ver no mundo.

Mohandas Karamchand Gandhi (1869-1948)